

BIBLIOTECA DE BOQUEIXÓN

NOVIDADES VERÁN

2017



**PRÉSTANSE PARA CASA
OS LIBROS E OS DVDs**

**Achégate á biblioteca...tes o
que procuras**

**Forte, Casa do Concello
Teléfono: 981.51.30.61**




Para adultos



Lou Clark tiene muchas preguntas: ¿Por qué ha terminado trabajando en el pub irlandés de un aeropuerto donde cada día tiene que ver cómo otras personas se van de viaje a conocer sitios nuevos? ¿Por qué a pesar de que ya lleva meses viviendo en su apartamento aún no se siente en casa? ¿Le perdonará su familia lo que hizo hace año y medio? ¿Y superará alguna vez la despedida del amor de su vida?



Este libro reúne a obra de noventa autores e autoras ao redor desta cima única. Unha edición ao coidado de Miro Villar e Xosé Manuel Lobato, responsables dun traballo pioneiro: recompilaron textos clásicos, históricos -algúns moi descoñecidos, outros moi pouco divulgados ata hoxe- e puxéronos a dialogar con novas composicións.



Sally McMahon é unha muller madura que padece unha profunda depresión. Para saír do pozo, decide buscar a axuda dun especialista. Visita a un mozo siquiatra, é sesións mensuais, durante dous anos. Nelas van aflorando os conflitos e problemas máis fondos da súa enfermidade e da súa vida: a vellez, a idea da morte, a sexualidade, a relación cos demais, a desilusión...



O cadáver dunha nena con síndrome de down aparece nos terreos do edificio Bandeira en Vigo. Para resolver o crime, o inspector Carlos Manso ten que percorrer os intestinos da delincuencia viguesa e internacional. O inspector móvese habilmente polos diversos escenarios da cidade e vive, ao tempo, un proceso que derruba as súas barreiras emocionais. A ira dos mansos é unha magnífica novela policial.



Este libro recolle catrocentas tiras das publicadas por Gogole en 'Faro de Vigo' na súa sección 'Floreano' organizadas en tres apartados: 'De mulleres, chiñas, rubias e varios?', 'De curas, monseñores e eminencias?' e 'De tasas, viños e loureiros?'. Constitúe a primeira gran antoloxía dos personaxes creados polo humorista do Grove: Floreano, Monchiña, Epifanio, Cachiña, don Ramón o cura, Charito e Fly. Abre o volume o texto, 'Floreano, My Way?', limiar de Alberto Avendaño, director de 'Tiempo Latino'.




Neste libríño, a autora nixeriana ofrece unha definición singular do que significa ser feminista no século XXI, cun estilo claro e directo, sen deixar de lado o humor, ao tempo que dá pistas de como facer deste mundo un lugar máis xusto. Adichie recorre á súa experiencia persoal, como muller residente en Lagos, e as numerosas expresións da desigualdade de xénero que se poden ver aínda a día de hoxe en todo o mundo.




O día en que ETA anuncia o abandono das armas, Bittori diríxese ao cemiterio para contarlle á tumba do seu marido o Txato, asasinado polos terroristas, que decidiu volver á casa onde viviron. Poderá convivir con quen a acosou antes e despois do atentado que trastornou a súa vida e a da súa familia? Poderá saber quen foi o encapuchado que un día chuvioso matou o seu marido, cando volvía da súa empresa de transportes?

É a historia do romance de Anne, a filla menor do fatuo Sir Walter Elliot, bonita e sociable, que atopa ao seu heroe, o Capitán Wenworth, a pesar das barreiras sociais.


A vaidade e os prexuízos dunha aristocrática familia interpóñense no amor profundo e da moza parella.



“É unha obra de intriga que xira ao redor de historia recente, desde a Guerra Civil ata vos anos 80". O percorrido xeográfico é tamén amplo, xa que se inicia en Madrid, trasládase despois a Sanabria "para volver a Madrid e de novo a Galicia, nunha historia de ida e volta".



Unha historia sobre a liberdade e o poder das palabras para cambiar o mundo. Nun país dominado por líderes que non deixan pensar, no medio dun cárcere perdido no medio da nada máis baleira, mergullado nunha realidade abafante que anula a personalidade en nome da patria, o protagonista desta historia, responsable da vixilancia dun vello profesor e poeta detido por disidente, comprobará como o seu mundo se derruba por dentro ao descubrir a forza indestruible do amor. E que quen ama, é libre de verdade.



Desta volta achégase a unha das aventuras máis importantes da historia da humanidade, protagonizada por uns nenos que non tiñan idea de facerse heroes. Aínda que o foron. Nos seus pequenos corpos, brazo a brazo, levaron a vacina da varíola a América. Sacados dos hospicios da Coruña, Santiago e Madrid, cruzarán o Atlántico formando parte da Expedición do doutor Balmis e na que unha muller fascinante, Isabel Zendal, xogará un papel determinante.




Infantil e xuvenil



Por que teñen tan mala fama as graxas?
En que alimentos encontramos proteínas?
Por que din que hai que beber moita auga?
Queres aprender a preparar algunhas receitas sas e divertidas?
Como podemos facer máis exercicio no noso día a día?




Ben pelexa ás veces coa súa irmá Lisa.
Miña non ten irmáns, pero ten todo por duplicado.
Jakob ten un tres cuartos de pai a quen quere moito.
Carla e Moritz teñen dúas mamás e dous papás.
Jule está triste e non ten ganas de ter unha nova mamá.
Paula celebra o seu aniversario dúas veces ao ano.




Genet Mullugueta naceu nunha aldea de North Wolloh en Etiopía. Dende noviña o que máis lle gustaba era correr e correr polo ventre da montaña. Mais a fame, a guerra e a figura do pai obrígana a acompañar a súa nai e a pedir esmola polas rúas inseguras e caóticas de Addis Abeba. Alí, vendendo panos nos cruzamentos, Genet coñeceu a Abebe, un médico e voluntario da federación de atletismo que, sorprendido coa súa resistencia e velocidade, lle propón adestrar en Meskel Square.



Ánxela repite 1º de Bacharelato obrigada polos seus pais. A súa vida sofre un cambio rotundo cando, a comezo de curso, meses antes da súa misteriosa desaparición, coincide con María, que a seduce para integrala nos Murnios, un grupo de hábitos diferentes ao resto de compañeiros e compañeiras. Fascinada pola acollida destas novas amizades, aceptará asumir as arriscadas probas a que os Murnios se autosometen decontino na procura de experiencias vitais extremas que os satisfagan, o que creará momentos de incerteza na feble personalidade de Ánxela.






A xuíza Felpeto, acabada de chegar á localidade costeira de Valdomar, revoluciona a vila coas súas orixinais sentenzas. Cando Estevo é obrigado a pasar todo o verán visitando a Chiruca, a anciá a que atropelara co seu ciclomotor, imaxina unhas soporíferas xornadas aturando as historias daquela muller que cruzara polo paso de ceбра sen mirar.



Malena e Mateo, o seu antigo profesor da facultade de Historia, son os encargados do anteproxecto de restauración do castelo de Soutomaioir. Durante a súa visita atopan por casualidade un manuscrito dunha moza chamada Cleofar, que habitou no castelo no século XVI nun misterioso lugar chamado a Cova da Moura







..... e moito máis ¡!!!!!!!!!!!!